



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

**CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DEFINITIVA, EN PROPIEDAD MEDIANTE SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, VACANTE, NO CONCELLO DE CEE (OEP 2023).
EXPEDIENTE Nº 2024/E004/000011.**

ACTA VII: BAREMACIÓN FASE CONCURSO.

Reúnense no Concello de Cee, o día 20/05/2025, ás 10:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas selectivas dos aspirantes para a cobertura definitiva, en propiedade mediante sistema de concurso-oposición libre dunha praza de arquitecto/a técnico/a, vacante, no concello de Cee (OEP 2023)

Presidenta Titular: Paula Cores Barral
1º Vogal Titular: : Rosa María Fernández Canosa
2º Vogal Titular: Víctor Castiñeira Castro
3º Vogal Titular: Rocío Hermida Cancela
Secretario Titular: Juan Carlos Santabaya Louzán

1. Publicadas con data 12/05/2025 a acta VI coas puntuacións definitivas da fase de oposición, procedeuse á apertura do prazo de presentación de documentación para a fase de concurso (13/05/2025-19/05/2025).
2. Presenta documentación D. SAFJ, con data 18-05-2025 e nº rexistro 202599900000730.

Aportase polo aspirante na referida documentación, unha instancia na que indica (textualmente):

EXPONE

CON MOTIVO DE LA PUBLICACIÓN DE LA ACTA VI DE LA CONVOCATORIA PARA LA COBERTURA DEFINITIVA, EN PROPIEDAD MEDIANTE SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE DE UNA PLAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, VACANTE, EN EL AYUNTAMIENTO DE CEE (OEP 2023), Y DE ACUERDO CON LO DISPUESTO EN LA BASE OCTAVA DE LAS QUE RIGEN EL PROCESO SELECTIVO

SOLICITA

SE TENGA POR PRESENTADA LA DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A ESTE ESCRITO A EFECTOS DE SU VALORACIÓN POR EL TRIBUNAL CUALIFICADOR

Acompañando unicamente o ANEXO III, sen incorporar a documentación xustificativa prevista nas bases da convocatoria, a saber:

Requisitos e forma de acreditar a experiencia profesional:

Experiencia na Administración. Acreditarase mediante certificado, en orixinal ou copia debidamente autenticada, expedido pola administración pública ao servizo da cal prestara servizos, na que se fará constar o nome do posto, clase de persoal, duración da prestación dos servizos, a porcentaxe da xornada, escala, subescala, grupo e corpo.

As bases reguladoras do procedemento regulan as formalidades desta fase, concretamente e literalmente:



"FASE CONCURSO (máximo 10 puntos)

Finalizada a realización dos exercicios da fase de oposición, o Tribunal Cualificador exporá ao público, no taboleiro de anuncios do Concello de Cee sito na sede electrónica deste organismo a lista coa cualificación final da fase de oposición, que constituirá a lista das persoas aspirantes que superaron a fase de oposición, por orde de puntuación, que pasarán á fase de concurso, emprazándoos para que no prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación das cualificacións, presenten no Rexistro Xeral do Concello ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da Sede electrónica do Concello de Cee a **documentación acreditativa da experiencia previstos nesta Base.**

Para a súa debida valoración, as persoas aspirantes presentarán xunto cos méritos alegados, un índice cos documentos aportados que inclúa a referencia a cada un dos apartados descritos nesta base. O modelo de índice QUE SE TEN QUE ACHEGAR FIGURA NO ANEXO III DAS PRESENTES BASES.

A fase de concurso realizarase mediante a valoración de méritos polo Tribunal Cualificador no día e hora que se sinale, sendo competencia exclusiva do Tribunal, desenvolvéndose sen asistencia das persoas aspirantes.

O Tribunal cualificador publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello, a relación de aspirantes coa valoración provisional de méritos da fase de concurso, indicando a puntuación obtida en cada apartado do baremos, así como o total. As persoas aspirantes disporán dun prazo de **5 días hábiles** a partir do seguinte ao da publicación de dita relación, para efectuar as alegacións pertinentes. Finalizado dito prazo, o Tribunal, resoltas no seu caso as alegacións presentadas, publicará a relación coa valoración definitiva da fase de concurso.

Só se procederá a puntuar o concurso no caso de ter superado o nivel de aptitude establecido na fase de oposición.

Para a valoración dos méritos terase que achegar a Ficha de Autobaremación do Anexo III."

Á vista do cal e consecuencia do establecido na Base relativa a FASE DE CONCURSO, o Tribunal provisionalmente non procede a valorar a experiencia sinalada no ANEXO III polo aspirante, ao non incorporar a documentación xustificativa exixida:

ÍNDICE DE DOCUMENTOS:

1. PRESTACIÓN DE SERVICIOS

☒ SI. Número de Concellos: 1. Número doutras Administracións: _____.

☐ NON

Experiencia (máximo 10 puntos)				
Prestar servizos como arquitecto/a técnico/a: 0,10 puntos por cada mes de servizos				
CONCELLO (máximo 5 puntos)	DATA INICIO	DATA FIN	MESES COMPLETOS	PUNTOS
CEE	21.10.2022	02.01.2025	26	2,60

3. VALORACIÓN PROVISIONAL DA FASE DE OPOSICIÓN

INICIAIS (APELIDOS-NOME)	DNI	TOTAL
SAFJ	***1205**	0



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

4. De conformidade co establecido nas Bases, acórdase proceder á publicación das puntuacións provisionais acadadas no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, con carácter informativo, na web municipal.

As alegacións a estas puntuacións provisionais poderán presentarse nun prazo de CINCO DÍAS HÁBILES a contar dende a publicación das mesmas no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>). As mesmas poderán presentarse no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Sen mais asuntos que tratar finaliza a sesión en Cee, a 20/05/2025.

Asinan dixitalmente o marxe:

Presidenta Titular: Paula Cores Barral
1º Vogal Titular: : Rosa María Fernández Canosa
2º Vogal Titular: Víctor Castiñeira Castro
3º Vogal Titular: Rocío Hermida Cancela
Secretario Titular: Juan Carlos Santabaya Louzán